



CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía do 17 de Xullo de 2019 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2019, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, a 9 de agosto de 2019.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2469

GUNTÍN

Anuncio

O Pleno deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día cinco de xullo de dous mil dezanove adoptou, entre outros, os seguintes acordos relativos as proposicións da alcaldía, sobre:

SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

PRIMEIRO.- Fixar a periodicidade das sesións ordinarias do pleno do seguinte xeito:

Trimestral: O último venres hábil do trimestre natural correspondente ás 13:00 horas (meses de marzo - xuño - setembro - decembro).

Por razóns xustificadas ou por coincidencia con actos ós que deban asistir os corporativos, poderá ser trasladada a distinta data dentro do mesmo mes, previo acordo dos voceiros municipais.

CONTÍA ECONÓMICA POR ASISTENCIAS AS SESIÓNS DO PLENO, XUNTA DE GOBERNO LOCAL E COMISIÓNS INFORMATIVAS.

PRIMEIRO: Fixar as seguintes contías económicas:

- Asistencia a Plenos: 100,00 €/sesión.
- Asistencia a Xuntas de Goberno Local: 100,00 €/sesión.
- Asistencia á Comisión Especial de Contas, e outras comisións : 100,00€/sesión.

CREACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL E COMPETENCIAS DELEGADAS POR O PLENO A FAVOR DA MESMA.

PRIMEIRO: A creación da Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO: Delegar na Xunta de Goberno local as seguintes competencias plenarias:

1.- As que figuran enunciadas no artigo 22.2, letras j), k), m) e ñ) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que literalmente din:

j) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias competencia plenaria.

k) A declaración de lesividade dos actos do Concello.

m) A concertación das operacións de crédito cuia contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

ñ) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda no estén previstos nos orzamentos.

2.- As competencias en materia de contratación cando sexan competencia do Pleno, de acordo co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e non esixan maioría absoluta.

3.- As competencias en materia de adxudicacións de concesións sobre bens da Entidade e a adquisición e enaxenación de bens, que lle correspondan ó Pleno, de acordo co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e non esixan maioría absoluta.

4.- A solicitude e aceptación de todo tipo de axudas e subvencións.

CREACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

PRIMEIRO.- Crear a Comisión Especial de Contas, integrada por 5 membros, 4 do PP e 1 do PS de G-PSOE, que serán designados polos seus respectivos grupos.

NOMEAMENTOS DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Nomear como representantes da Corporación os seguintes concelleiros/as:

1.- Representantes da Corporación no Consello Escolar do C.P.I. "Tino Grandío", propónse a: Dna. Verónica Vilela Coto.

2.- Representantes da Corporación no Consello Escolar do Colexio Público de Lousada propónse a: D. Juan Carlos López López.

3.- Representante da Corporación na Agrupación de Secretaría, Guntín-Portomarín propónse a:

- Dna. Maria Teresa Estévez López.

- Dna. Olga López García.

Aparte a Sra. Alcaldesa, presidenta nata da agrupación.

4.- Representante da Corporación na Asociación Terras do Miño, propónse a: María José Gómez Rodríguez.

5.- Representante da Corporación na GDR4, propónse a: María José Gómez Rodríguez.

DOTACIÓN ECONÓMICA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

1.- Fixo a cada Grupo 500,00€/anuais.

2.- Por concelleiro/ano 300,00€/anuais.

O que se fai público para xeral coñecemento e efecto.

Guntín, 2 de agosto de 2019.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2449

LUGO

Anuncio

No pleno celebrado o día 5 de xullo de 2019 tomouse razón do Decreto número 19005684 que, modificado polo número 19005695 do Libro único de resolucións, queda redactado como se recolle no Anexo I e no que se corrixiu a omisión involuntaria no apartado dispositivo noveno, determinando a organización municipal con motivo da constitución da nova Coporación Municipal xurdida das eleccións locais celebradas o día 26 de maio deste ano.

O que se fai público para xeral coñecemento coa publicación íntegra da devandita resolución (que figura como **Anexo I**), de conformidade co previsto no artigo 7 do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo.

Por outra banda, na devandita sesión plenaria adoptouse, entre outros, o acordo número 6/89, no que se aprobou a proposta da Alcaldía relativa á asignación por asistencias e indemnizacións a membros da Corporación e asignacións económicas a grupos políticos municipais (acordo que figura como **Anexo II**), e así mesmo, por resolución da Alcaldía do 5 de xullo de 2019, designáronse os membros da Corporación que exercerían os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial, o que se fai público para xeral coñecemento coa publicación íntegra da referida resolución, de conformidade co previsto no artigo 75.5 da Lei de bases de réxime local, e cuxo texto literal figura no **Anexo III** que se acompaña.

Lémbrese que esta publicación está incluída nos supostos de normas exentas de pago de taxas, a teor do disposto no artigo 11.2.a) da Lei 5/2002, de 4 de abril, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias.

Lugo, 30 de xullo de 2019.- A ALCALDESA, Lara Méndez López.

ANEXO I

2/85 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 19005684, DO 1 DE XULLO DE 2019, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN 2019-2023: XUNTA DE GOBERNO, TENENCIAS DE ALCALDÍA, ÁREAS DE GOBERNO, CONCELLERÍAS DELEGADAS.- Examinado o expediente tramitado para estes efectos, e vista a proposta da Vicesecretaria, conformada pola Excma. Sra. Alcaldesa, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do Decreto número 19005684 do Libro Único de Resolucións, asinado con data do 1 de xullo de 2019, que, modificado polo número 19005695, quedou redactado co seguinte teor:

“DECRETO NÚMERO 19005684 DO 01/07/2019

Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta D.ª Lara Méndez López do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a necesidade de organización do Concello para optimizar o seu funcionamento, con motivo da toma de posesión da nova Corporación municipal xurdida das eleccións locais celebradas o 26 de maio de 2019; esta Alcaldía, de conformidade co establecido nos artigos 124 e 126 do texto vixente da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o Decreto número 16008543, do 9 de novembro de 2016, e o Decreto número 18003431, do 26 de abril de 2018, que contiñan as disposicións vixentes ata esta data en materia de organización municipal.

SEGUNDO.- Nomear, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, membros da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** os seguintes:

- Sr. D. Álvaro Santos Ramos
- Sra. D.ª Mercedes Paula Alvarellos Fondo
- Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- Sra. D.ª Ana María González Abelleira
- Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Sra. D.ª María Cristina López Fernández.

TERCEIRO.- Designar Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local a don Miguel Fernández Méndez e primeiro e segundo suplentes deste aos concelleiros don Rubén Arroxo Fernández e don Álvaro Santos Ramos, respectivamente.

Ás súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola Presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu Concelleiro Secretario e o Interventor Xeral Municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

CUARTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os **mércores ás dez horas**, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

QUINTO.- Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de Alcaldesa as seguintes concelleiras e concelleiros, quedando establecida a seguinte orde para as **TENENTAS E TENENTES DE ALCALDESA:**

- 1º Tenente de Alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- 2º Tenente de Alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Álvaro Santos Ramos
- 3ª Tenenta de Alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª Mercedes Paula Alvarellos Fondo
- 4ª Tenenta de Alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- 5º Tenente de Alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- 6ª Tenenta de Alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª Ana María González Abelleira
- 7ª Tenenta de Alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª María Cristina López Fernández.

As tenentas e os tenentes de Alcaldesa substituirán á Alcaldesa ou Alcalde pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

SEXTO.- Determinar a denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL** segundo o seguinte detalle:

ÁREA DE ALCALDÍA

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- plan estratéxico;
- goberno municipal;
- representación municipal;
- organización dos servizos administrativos;
- relacións institucionais;
- relacións coa universidade;
- fe pública e asesoramento legal preceptivo;
- intervención xeral; control e fiscalización interna da xestión económica, financeira e orzamentaria;
- exercicio de accións xudiciais e administrativas e defensa do Concello;
- protocolo;
- prensa e medios de comunicación;
- médico municipal; prevención de riscos;
- protección da comunidade (Policía Local, Servizo de prevención e extinción de incendios; protección civil);
- parque móbil municipal e
- servizo de novas tecnoloxías

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**:

- Secretaría Xeral do Pleno.
- Vicesecretaría.
- Asesoría Xurídica.
- Intervención Xeral

Dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Actas e Goberno (Unidades de Actas, de Gobernación e Normalización Lingüística); Asesoría Xurídica; Servizo de Intervención; Servizo de Protocolo; Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa; Servizo Médico; Servizo de Prevención de Riscos Laborais; Conserxería e Notificadores; Policía Local e os seus auxiliares e Negociado de Sancións; Enxeñeiro Técnico Industrial; Informática; Servizo de Extinción de Incendios e Parque Móbil municipal.

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- protección do medio ambiente;
- xestión enerxética;
- eficacia enerxética;
- cambio climático;
- xestión de residuos sólidos urbanos (RSU); servizos de recollida domiciliaria, recollida selectiva e tratamento;
- limpeza viaria;
- parques e xardíns e zonas verdes;
- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM);
- Axenda 21;
- maleza;
- almacenamento de verteduras incontroladas;
- xestión integral do ciclo da auga e
- redes de auga potable

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Unidade administrativa de Augas, Brigada de Parques e Xardíns e a Brigada de Augas e Saneamento.

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE URBANISMO SOSTIBLE** para a xestión dos servizos e actividades que, a seguir, se indican:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico;
- proxectos de urbanización;
- intervención na regulación do mercado do solo: patrimonio municipal do solo; rexistro do soares;
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación: licenzas urbanísticas;
- disciplina urbanística;
- proxectos de obras complementarias;
- promoción e xestión de vivendas;
- patrimonio histórico-artístico;
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións;
- arqueoloxía;
- establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal e
- deberes de conservación: ordes de execución, inspección de edificacións e declaracións de ruína.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo, Negociado de Planeamento, Negociado de Disciplina e Sección de Xestión; Servizo de Licenzas; Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación e Servizo de Arqueoloxía e a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA)

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO** para a xestión dos servizos e actividades que, a seguir, se indican:

- fomento e promoción da actividade económica;
- fomento e promoción do comercio;
- formación e fomento do emprego;
- formación e orientación laboral;
- Espazo Lab e
- desenvolvemento local.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, Fondos Europeos, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local e CEI-NODUS.

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- xestión e xeración de recursos
- contabilidade;
- tesourería;
- recadación;
- facenda local;
- inspección de facenda;
- contratación local;
- patrimonio municipal;
- fomento e

- persoal ao servizo da Corporación local.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**: Xestión Económico-Financeira (Tesourería), así como os seguintes servizos e dependencias municipais: Tesourería; Facenda Local; Servizo de Inspección de Tributos; Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, Sección de Patrimonio, Sección de Fomento, Departamento de Planificación e Control de Concesións e Servizo de Persoal.

Polo inxente volume de tarefas que vén asumindo esta área, o seu titular poderá estar asistido por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS –posto directivo creado por acordo número 7/122 da sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2016- non será preciso que reúna a condición de funcionario ou funcionaria, coa esixencia dunha específica experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada, ou coñecementos técnicos no seu titular nesa materia, que deberán ser convenientemente xustificadas.

As funcións deste/a DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS son as que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de recursos humanos. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte do Servizo de Persoal.

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo);
- promoción da igualdade e da diversidade en todos os eidos;
- todas aquelas xestións de servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude;
- drogodependencias e
- Casa de Música.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Centro de Atención á Muller; puntos de información xuvenil; Casa da Xuventude e Servizo de Atención a Drogodependentes e Casa de Música.

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES** para a xestión dos servizos e actividades que, a seguir, se indican:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios e especializados);
- instalacións e equipamentos de carácter social;
- intervención na adxudicación das vivendas sociais;
- pisos de emerxencia social;
- voluntariado social;
- organizacións non gobernamentais;
- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte;
- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica);
- minorías étnicas e inclusión social;
- emigración e inmigración;
- centros de dinamización rural e
- dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, centros de dinamización rural, Fogar do Transeúnte, pisos de acollida, Centro de Día “Antonio Gandoy” e Casa “Clara Campoamor”.

ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- zona rural;
- proxectos de obras ordinarias en vías públicas do ámbito rural;

- obras locais do ámbito rural;
- vías públicas e infraestruturas municipais do ámbito rural (iluminación pública, redes de auga potable);
- reparación, conservación, mantemento e limpeza das infraestruturas e bens municipais do ámbito rural e
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Negociado da Zona Rural así como as antigas escolas rurais desafectadas do ensino, sitas no termo municipal, Parque Móbil: Brigada e Parque de Maquinaria, Sección de Deportes, actividades e instalacións de equipamentos deportivos e fomento do deporte, instalacións deportivas municipais: piscinas, pistas, polideportivos, campos de deporte, canchas, etc.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- convenio Lugo Cultural;
- actividades e instalacións e equipamentos culturais;
- festas (agás Arde Lucus e Caudal Fest)
- bibliotecas;
- museos e salas de exposicións;
- turismo e promoción da cidade;
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- casas das linguas.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Cultura e salas municipais de exposicións; auditorios municipais; bibliotecas municipais; Oficina de Turismo, Promoción da Lingua, casas das linguas, banda de música e escola municipal de música.

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** para a xestión dos servizos e actividades que, a seguir, se indican:

- educación, centros docentes e equipamentos educativos;
- garderías infantís;
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico) e
- Plan municipal de infancia e adolescencia

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: pedagogas municipais; garderías municipais; celadores de colexios e Parque Infantil de Tráfico.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- información e atención á cidadanía e participación cidadá;
- orzamentos participativos;
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es;
- atención á saúde;
- sanidade e protección da salubridade pública;
- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá;
- estatística e padrón municipal;
- cemiterio e servizos funerarios;
- taboleiro de edictos;
- arquivo;
- abastos, feiras, mercados e venda ambulante e

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Oficina de Información e Atención ao Cidadán- Participación Cidadá; Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor; Negociado de Rexistro Xeral e Documentos; Arquivo; Taboleiro de Edictos; Sección de Estatística e Cemiterio; e Encargado e vixilantes de prazas e mercados.

ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas;
- transporte público de viaxeiros/as
- negociado de policía
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes, brigada de sinalización viaria.

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** para a xestión dos servizos e actividades que, a seguir, se indican:

- proxectos de obras ordinarias en vías públicas do contorno urbano;
- obras locais do contorno urbano;
- vías públicas e infraestruturas municipais do contorno urbano (iluminación pública e redes de auga potable);
- reparación, conservación, mantemento e limpeza das infraestruturas e bens municipais no contorno urbano;

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e, funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias); Servizo de Enxeñaría, Topografía e Valoracións.

SÉTIMO.- De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA, e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

Ao primeiro Tenente de Alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**.

Ao segundo Tenente de Alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Álvaro Santos Ramos, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE**.

Á terceira Tenenta de Alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a Mercedes Paula Alvarellos Fondo, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**.

Á cuarta Tenenta de Alcaldesa, Ilma. Sr. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**.

Ao quinto Tenente de Alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES**.

Á sexta Tenenta de Alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a Ana González Abelleira, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL**.

Á sétima Tenenta de Alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a M.^a Cristina López Fernández atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**.

De conformidade co disposto nos artigos 29, 37 e 41 do ROMGA, as e os tenentes de Alcaldesa delegados de área son as xefas e os xefes da área que se lles asigna, e a súa titularidade levará aparellada as funcións de dirección, planificación e coordinación, sen prexuízo das delegacións de atribucións que lles confira a Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía.

OITAVO.- Determinar o réxime de suplencias das e dos tenentes de Alcaldesa de acordo co seguinte:

As e os tenentes de Alcaldesa delegados de área, nos supostos de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo, ou cando por calquera causa houberan de ausentarse por períodos superiores a 24 horas, e non se ditase acordo ao respecto da súa substitución, serán suplidas/os da seguinte forma:

1. AO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS suplirao a **Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**
2. AO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE suplirao a **Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos.**
3. Á TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS supliraa o **Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Medio Rural e Deportes.**
4. Á TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA supliraa a **Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Participación e Servizos para a veciñanza.**
5. AO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES suplirao a **Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cohesión Social.**
6. Á TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL supliraa o **Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Desenvolvemento Local Sostible.**
7. Á TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA supliraa o **Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.**

No caso de que se atopasen ausentes a tenenta ou o tenente de Alcaldesa titular dunha área e o seu suplente, a Alcaldesa ou Alcalde asumirá as atribucións de ambas/os as/os delegadas/os, con independencia da persoa que nese momento estea desempeñando a Alcaldía.

NOVENO.- DELEGACIÓN DA ALCALDÍA.- Delegar nas e nos tenentes de Alcaldesa delegados de área e nos concelleiros/as delegados/as o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas.

A delegación de atribucións efectuada abrangue:

- a facultade de dirección específica dos servizos incluídos na súa respectiva área e concellería delegada;
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros;
- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas;
- corresponderalle á Tenenta de Alcaldesa Delegada da área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos respecto de todas as facturas tramitadas polo Concello, o recoñecemento e liquidación da obriga así como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a ela ou a outra área;
- corresponderalles ás e aos tenentes de Alcaldesa delegados de área e ás e aos concelleiros/os delegados/os o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento do resto dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno ou concellería delegada.

A Alcaldesa **reservarase** para si as seguintes:

- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables;
- **a resolución dos recursos de reposición;**
- o exercicio das atribucións que lle corresponden á Alcaldesa en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na **ÁREA DA ALCALDÍA;**
- a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e expresamente se delegue;
- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno;
- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

DÉCIMO.- As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:

- 1.- En DON MIGUEL ÁNGEL COUTO ALONSO, respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO SOSTIBLE.**
- 2.- En DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO.**
- 3.- En DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE BENESTAR, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES**
- 4.- En DON FELIPE RIVAS JORGE, respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO**

5.- En DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** Supliranse as ausencias dos/as concelleiros/as delegados/ as polos responsables das áreas nas que están adscritas.

As facultades delegadas incluírán a de resolver mediante actos administrativos, e exerceranse baixo a supervisión do tenente de alcaldesa delegado ou tenenta de alcaldesa delegada da área na que se encadra a correspondente concellería.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, delégase **nas e nos tenentes de Alcaldesa delegados e delegadas de área e concelleiros delegados** en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

- "**visto e prace**" das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública;
- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais;
- **anuncios e edictos**, agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985;
- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA:

1.- Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura e seralles notificado ás e aos interesados, e as delegacións de atribucións conferidas -para a súa eficacia- requirirán ser aceptadas por parte das/os delegadas/os, aceptación que se entenderá feita polo transcurso de **TRES DÍAS DENDE** a notificación sen que se fixese manifestación ningunha ao respecto (artigo 7.3 do ROMGA).

2.- Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.”

De todo o cal, a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os efectos oportunos.’

ANEXO II

6/89 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ASIGNACIÓN POR ASISTENZAS E INDEMNIZACIÓN A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.- Vista a proposta da Alcaldía, do 2 de xullo de 2019, cuxo teor é o seguinte:

“Na lexislación vixente en materia de réxime local prevese que só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno desta (artigo 75.3. da LRBRL).

Así mesmo, prevese a percepción de indemnizacións a todos os membros das corporacións locais polos gastos efectivos ocasionados no exercicio dos seus cargos, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que, no seu desenvolvemento, aprobe o Pleno corporativo (art. 75.4 do mesmo texto legal).

As corporacións locais consignarán nos seus presupostos as indemnizacións e asistencias mencionadas, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, de ser o caso. Deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no Taboleiro de Anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a indemnizacións e asistencias.

Tamén a citada lei de réxime local, no seu artigo 73, establece que, para os efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais se constituirán en grupos políticos e, coa finalidade de facilitar o seu labor, determina que o Pleno da Corporación, con cargo aos seus presupostos, poderá asignarlles aos grupos políticos unha dotación económica, que constará dun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles.

Para todos estes efectos, na Base 18.j) 1, 2 e 3 e 18.k) 1 de execución do presuposto para o exercicio de 2018, recóllense as contías e condicións destas percepcións económicas.

En concordancia co anteriormente exposto, e constituída o día 15 de xuño de 2019 a Corporación municipal resultante das eleccións locais celebradas o 26 de maio último **PROPÓNSELLE** ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte **RÉXIME DE ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E GRUPOS POLÍTICOS:**

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

1.- A/O Alcaldesa/Alcalde Presidente percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, catorce mensualidades de **4.787,22 euros** cada unha.

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de **3.172,40 euros** mensuais, en catorce mensualidades aos seguintes 14 concelleiros/concelleiras.

- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes.
- Ó Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Á Concelleira Delegada de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores.
- Ó Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Ó Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- Ó Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento.
- Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Un/unha concelleiro/a do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo.

Aplicaráselles as asignacións anteriores aos cargos con dedicación exclusiva a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das Corporacións Locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas no seu caso.

B) Determinación dos supostos nos que a concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados devindicará dereito á percepción de ASISTENCIAS e contía destas.

1. Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva as seguintes indemnizacións:

a) Por concorrencia á sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.

c) Por concorrencia ás sesións das Comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva terán dereito á percepción destas asistencias.

C) Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei de bases, a DOTACIÓN ECONÓMICA MENSUAL QUE CORRESPONDE A CADA GRUPO será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:

- Compoñente fixo: 1.200,00 euros.
- Compoñente variable: 500.00 euros por membro.

SEGUNDO.- Todas estas percepcións producirán efecto desde a adopción do acordo plenario.

TERCEIRO.- Requerir aos Grupos Municipais LUGONOVO e ALTERNATIVA CIADADÁ DE ESQUERDAS-ESQUERDA UNIDA -con representación no mandato anterior- á xustificación das asignacións recibidas, con cargo aos orzamentos municipais.”

E vistas, así mesmo, as emendas presentadas polos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo, do seguinte teor:

- “O Grupo Municipal do Partido Popular solicita en relación á proposta de alcaldía 6/89 do pleno extraordinario do día 5 de xullo de 2019 relativa ás asignacións por asistencias e indemnizacións a membros da corporación e asignacións económicas aos grupos políticos municipais, na que se propoñen dúas dedicacións exclusivas para o Grupo Municipal Popular se solicita se repartan do seguinte xeito:

- unha dedicación exclusiva.

- dúas dedicacións parciais ao 50%.”

- “O Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo solicita en relación á proposta de alcaldía 6/89 do pleno extraordinario do día 5 de xullo de 2019 relativa ás asignacións por asistencias e indemnizacións a membros municipais, na que se propón unha dedicación exclusiva para o Grupo Municipal Ciudadanos Lugo se solicita que se reparta do seguinte xeito:

- Dúas dedicacións parciais ao 50%.”

E tendo en conta que as anteditas emendas foron aprobadas pola unanimidade de todos membros que conforman a Corporación municipal,

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación coas modificacións introducidas durante o debate, acadándose os seguintes resultados:

- Votos a favor: 25, dos seguintes concelleiros adscritos aos Grupos Municipais do Partido Popular (GMPP), do Partido Socialista de Galicia-PSOE (GMPSdeG-PSOE), do Bloque Nacionalista Galego (GMBNG) e Ciudadanos Lugo (GMCL):

- Excm. Sra. Alcaldesa Dona Lara Méndez López (GMPSdeG-PSOE).
- D. Ramón Carballo Páez (GMPP).
- D.ª María Carmen López Silva (GMPP).
- D. Antonio Ameijide Osorio (GMPP).
- D.ª Beatriz Isabel Vázquez Belda (GMPP).
- D. Manuel López Fernández (GMPP).
- D.ª Sagrario Sánchez Ramil (GMPP).
- D. Óscar Poy Franco (GMPP).
- D. Javier Vázquez Prado (GMPP).
- D.ª Cristina Abades Martínez (GMPP).
- D. Manuel Rafael Pérez Prados (GMPP).
- Ilmo. Sr. D. Álvaro Santos Ramos, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible ((GMPSdeG-PSOE).
- Ilma. Sra. D.ª Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE).
- Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMPSdeG-PSOE).
- Ilma. Sra. D.ª Ana María González Abelleira, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE).
- D. Mauricio Victorio Repetto Morbán, Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego (GMPSdeG-PSOE).
- D.ª María Olga López Racamonde, Concelleira Delegada de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores (GMPSdeG-PSOE).
- D. Miguel Ángel Couto Alonso, Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible (GMPSdeG-PSOE).

- Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (GMBNG)
- Ilma. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG).
- D. Alexandre Penas Roibás, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas (GMBNG).
- Ilma. Sra. D.^a María Cristina López Fernández, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG).
- D. Felipe Rivas Jorge, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento (GMBNG).
- D.^a María Olga Louzao Aldariz (GMCL).
- D. Juan Manuel Vidal-Pardo García (GMCL).

- Votos en contra: ningún.

- Abstencións: ningunha.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, pola unanimidade dos vinte e cinco membros que conforman a Corporación, **ACORDA** aprobar a referida proposta da Alcaldía, coas modificacións introducidas polas emendas aceptadas e, en consecuencia, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte **RÉXIME DE ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E GRUPOS POLÍTICOS:**

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

1.- A/O Alcaldesa/Alcalde Presidente percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, catorce mensualidades de **4.787,22 euros** cada unha.

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de **3.172,40 euros** mensuais, en catorce mensualidades os/as seguintes 12 concelleiros/concelleiras.

- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes.
- Ó Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Á Concelleira Delegada de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores.
- Ó Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Ó Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- Ó Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento.
- Un/unha concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular.

Así mesmo están dotados en réxime de dedicación parcial na contía de **1.586,20 euros** mensuais, en catorce mensualidades, os/as seguintes 4 concelleiros/concelleiras:

- Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo.

Aplicaráselles as asignacións anteriores aos cargos con dedicación exclusiva e parcial a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das Corporacións Locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas no seu caso.

B) Determinación dos supostos nos que a concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados devindicará dereito á percepción de **ASISTENCIAS e contía destas.**

1. Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva as seguintes indemnizacións:

- a) Por concorrencia á sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.
- b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.
- c) Por concorrencia ás sesións das Comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva terán dereito á percepción destas asistencias.

C) Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei de bases, a **DOTACIÓN ECONÓMICA MENSUAL QUE CORRESPONDE A CADA GRUPO será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:**

- Compoñente fixo: 1.200,00 euros.
- Compoñente variable: 500.00 euros por membro.

SEGUNDO.- Todas estas percepcións producirán efecto desde a adopción do acordo plenario, agás naqueles casos de concelleiros/as nos que se tivese efectuado delegación por parte da Alcaldía nos que os efectos do presente acordo terán efecto retroactivo á data que corresponda.

TERCEIRO.- Requirir aos Grupos Municipais LUGONOVO e ALTERNATIVA CIDADÁ DE ESQUERDAS-ESQUERDA UNIDA -con representación no mandato anterior- á xustificación das asignacións recibidas, con cargo aos orzamentos municipais.'

ANEXO III

DECRETO DA ALCALDÍA DO 5 DE XULLO DE 2019

Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Lara Méndez López.

Visto o acordo número 6/89 do Excmo. Concello Pleno, adoptado na sesión extraordinaria do día de hoxe, polo que se aproba, coas emendas presentadas polos Grupo Municipais do Partido Popular e Ciudadanos Lugo (relativas á división, no caso do Grupo Municipal do Partido Popular, dunha das dedicacións exclusivas en dúas parciais, e no caso do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, relativa á división da dedicación exclusiva en dúas parciais), a proposta desta Alcaldía no que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación e, concretamente, dos que as percibirán polo exercicio dos seus cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial, entre os cales se contemplan os seguintes cargos:

- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes.
- Ó Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Á Concelleira Delegada de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores.
- Ó Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Ó Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- Ó Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento.
- Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular (*coa aprobación da emenda para que unha das dedicacións exclusivas se divida en dúas parciais*).
- Un/unha concelleiro/a do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo (*coa aprobación da emenda para que esta dedicación se divida en dúas parciais*).

Visto, así mesmo, o artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, **determinando a Presidenta da Corporación os membros dela que realizarán as súas funcións neste réxime de dedicación.**

Segundo o anterior e logo da aprobación polo Decreto número 19005684 do 1 de xullo, rectificado polo 19005695 do 3 de xullo, de organización municipal e nomeamento dos tenentes e tenentas de alcalde, o informe favorable do Interventor Xeral municipal, e vista a comunicación do Grupo Municipal do Partido Popular,

RESOLVO:

Primeiro.- Os seguintes membros da Corporación realizarán as súas funcións en réxime de **dedicación exclusiva:**

- DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa.- **4787,22 euros**

Coa cantidade de 3172,40 euros e efectos dende o 1 de xullo de 2019:

- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible, don Álvaro Santos Ramos.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos, dona Mercedes Paula Alvarellós Fondo.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes, don Miguel Fernández Méndez.
- Ó Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego, don Mauricio Victorio Repetto Morban.
- Á Concelleira Delegada de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores, dona Olga López Racamonde.
- Ó Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible, don Miguel Ángel Couto Alonso.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, don Rubén Arroxo Fernández.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
- Ó Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas, don Alexandre Penas Roibás.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza, dona María Cristina López Fernández.
- Ó Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, don Felipe Rivas Jorge.

Coa cantidade de 3172,40 euros e efectos dende o 5 de xullo de 2019:

- O concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don Antonio Ameijide Osorio.

Segundo.- Os seguintes membros da Corporación realizarán as súas funcións en réxime de **dedicación parcial**, coas cantidades que se consignan:

Coa cantidade de 1586,20 euros e efectos dende o 5 de xullo de 2019:

- O concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don Manuel López Fernández.
- O concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don Óscar Poy Franco.
- A concelleira do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, dona María Olga Louzao Aldariz.
- O concelleiro do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, don Juan Manuel Vidal-Pardo García.

Terceiro.- Notifíquelles aos interesados e interesadas coas seguintes indicacións:

- Lémbrese que a percepción das retribucións exclusivas é incompatible con outras con cargo aos presupostos das administracións públicas e entes, organismos ou empresas que dependan delas, ou o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Tampouco terán dereito a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados aínda que si ás indemnizacións que correspondan polos gastos ocasionados no exercicio dos seus cargos.
- O desempeño dun cargo con dedicación exclusiva require a súa aceptación polo designado ou designada.

Cuarto.- Notifíquelles aos Servizos Económicos e ao de Persoal, para os efectos da súa alta no réxime xeral da Seguridade Social e aboamento das retribucións que correspondan.

Cúmprase.'

Lugo, 30 de xullo de 2019.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 2450

O PÁRAMO*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 2/08/2019 , o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de XULLO de 2019, polo importe total de **2.207,19€**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, a 2 de agosto de 2019.- O Alcalde- Presidente, José Luis López López.

R. 2451

QUIROGA*Anuncio*

Rendida a Conta Xeral do orzamento deste Concello correspondente ao exercicio 2018, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 7 de agosto de 2019, expónse ao público polo prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que, durante dito prazo de exposición e os oito días seguintes, os interesados poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Quiroga, 8 de agosto de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 2462

RIBADEO*Anuncio*

Faise público que por Resolución da Alcaldía desta mesma data foron delegadas as funcións desta Alcaldía-Presidencia, por ausencia do termo municipal de Ribadeo do Alcalde D.Fernando Suárez Barcia, na Primeira Tenente Alcalde D.ª Mariluz Alvarez Lastra e sucesivamente no resto de Tenentes de Alcalde pola súa orde de nomeamento durante os días 17 a 31 de agosto de 2019 ambos dous inclusive.

Ribadeo, 1 de agosto de 2019.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.- O SECRETARIO EN FUNCIÓNS, JOSÉ RODIL VEIGA

R. 2452

XERMADE*Anuncio***NOMEAMENTO MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS POR PARTE DA ALCALDÍA.**

Por Decreto da Alcaldía núm. 396/2019 de data 30 de xullo, corrixido por Decreto da Alcaldía núm. 404/2019 de data 6 de agosto, resolveuse:

“**Primeiro.**- Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos tenentes de alcalde nomeados por Decreto da Alcaldía núm. 300/2019, de data 24 de xuño de 2019 , e que son os seguintes:

1º. D. José Prieto Barro

2º. D. Carlos Alberto Guerra González

3º. Dª. Verónica Amarelo Morado

Segundo.- Establecer a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local cada 15 días a partir da sesión constitutiva, o segundo e cuarto mércores do mes ás 15:00 horas, na Sala de Sesións da Casa do Concello, sendo a sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes a designación dos seus membros, consonte ó disposto

no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.

No caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o primeiro día hábil seguinte. A hora de celebración das sesións de carácter ordinario poderán ser modificadas pola Alcaldía cando medien causas xustificadas.

Terceiro.- Delegar na Xunta de Goberno o exercicio das seguintes atribucións correspondentes a Alcaldía:

1º. En materia urbanística:

- a) A resolución de expedientes que teñan por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo, definidos no artigo 142.2 da Lei do Solo de Galicia.
- b) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, todo elo nos termos previstos na normativa de urbanismo e ordenación do territorio de Galicia.
- c) Aprobación do expediente de delimitación do solo de núcleo rural, segundo o establecido no art. 78 da Lei 2/2016 do Solo e Urbanismo de Galicia.
- c) Expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionadores.

2º. En materia de persoal:

- a) Aprobar a oferta de emprego público de acordo có Orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.
- b) Aprobar as bases das probas para a selección de personal funcionario de carreira e laboral fixo e para os concursos de provisión de postos de traballo.

3º. En materia de contratación:

- a) As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de suministro, de servizos, de concesión de obras, de concesión de servizos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu valor estimado non supere o dez por cento (10 %) dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración no sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra aplicacións orzamentarias cuxa xestión lles corresponda, en virtude do establecido no artigo 117 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e, en xeral, todos aqueles actos e trámites que a normativa vixente atribúe ó órgano de contratación.

A Alcaldía manterá as competencias como órgano de contratación respecto da aprobación das certificacións de obra e facturas derivadas dos contratos adxudicados por delegación pola Xunta de Goberno Local.

A Alcaldía manterá as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos menores.

4º. En materia de proxectos de obras e servizos:

- a) A aprobación de proxectos técnicos de obras e de servizos, con arreglo ó procedemento legalmente establecido, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstas no Presuposto.

5º. En materia de convenios interadministrativos:

- a) A aprobación dos convenios previstos no artigo 47.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

6º. En materia de subvencións:

- a) Solicitude e aceptación de subvencións doutras administracións non expresamente atribuídas a outro órgano de goberno municipal, agás os supostos nos que se esixa a solicitude e/ou aceptación por algún órgano municipal específico, sen prexuízo de que por razóns de urxencia a Alcaldía efectúe a solicitude dando conta á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.
- b) A aprobación das bases e das convocatorias de axudas, premios e subvencións sometidas ao principio de libre concorrencia de acordo co previsto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xermade.
- c) A concesión definitiva de subvencións, premios, axudas e becas outorgadas polo Concello en réxime de concorrencia competitiva.
- d) A aprobación da concesión das subvencións previstas de forma nominativa no Orzamento Municipal e no seu caso, do convenio regulador das mesmas.
- e) A concesión de axudas directas cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria.

A aprobación das xustificacións presentadas polos beneficiarios permanece no ámbito competencial da alcaldía.

7º. En materia de responsabilidade:

- a) Resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial esixida ó Concello de Xermade nos termos sinalados pola normativa aplicable
- b) Expedientes de esixencia de responsabilidade extracontractual a terceiros que causen dano en intereses, dereitos ou bens municipais.

8º. En materia de protección de datos:

- a) As resolucións de creación, modificación e supresión dos ficheiros con datos de carácter persoal, consonte ó disposto pola normativa aplicable en materia de protección de datos.

9º. En materia de taxis:

- a) O outorgamento, autorización de transmisión e declaración de caducidade das licencias de taxi ás que se refire a Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, ou normativa posterior, no seu caso.

10º. En materia económico financeira:

- a) A aprobación de prezos públicos, consonte ao disposto na ordenanza municipal reguladora dos mesmos.
- b) A aprobación dos padróns fiscais.
- c) A aprobación da liquidación de ingresos derivados da concesión de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.

Cuarto.- Todo canto antecede o é sen prexuízo das avocacións que, no seu caso, puideran disporse pola Alcaldía, de maneira motivada e mediante resolución formal, de acordo có previsto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público; e das facultades de asesoramento e ditame que reserva á Xunta de Goberno Local o art. 23 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

Quinto.- Non é delegable a resolución dos recursos administrativos que se interpoñan contra os actos ditados por delegación. O órgano competente para a resolución do recurso de reposición contra os ditos acordos será a Alcaldía, na aplicación do artigo 9.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que prohíbe a delegación das competencias relativas á resolución de recursos.

Sexto.- O réxime dos acordos ditados por delegación será o establecido pola Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local e Real Decreto 2568/1986 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

No texto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en virtude desta delegación, terase que facer constar esta circunstancia mediante a inclusión, na parte expositiva, dunha referencia á resolución de delegación.

Sétimo.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente ós designados e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data en que se dicta a mesma, consonte co disposto nos apartados 2 e 4 do artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, a 7 de agosto de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2458

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D/Dª RAFAEL GONZALEZ ALIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 002 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª FUNDACION LABORAL DE LA CONSTRUCCION contra PULIDOS GOÑI SL, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 1031 /2018 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a **PULIDOS GOÑI SL**, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día **21/1/2021 a las 11:20 horas**, en Planta 4 - Sala 9 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente

apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **PULIDOS GOÑI SL**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a treinta y uno de julio de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2454

Anuncio

D. RAFAEL GONZALEZ ALIO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 103/2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D^a MARIA FE RODRIGUEZ RODRIGUEZ contra JOSE LUIS ROBLEDO ALVAREZ sobre DESPIDO, se ha dictado Auto de fecha 29/07/2019 cuya parte dispositiva dice literalmente:

“Dispongo: Despachar orden general de ejecución del título indicado a favor de la ejecutante MARÍA FE RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ frente a la empresa JOSÉ LUIS ROBLEDO ÁLVAREZ, parte ejecutada.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la/s infracción/es cometida/s en la resolución, cumplimiento o incumplimiento de presupuestos y requisitos procesales exigidos y/o oposición a la ejecución despachada en los términos previstos en el art. 239.4 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo acuerda y firma SS^a. Doy fe.

LA MAGISTRADO-JUEZ, EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

R. 2455

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) XERMADE

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS POR CLASIFICACIÓN NO IX TROFEO “D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”

BDNS(Identif.):469814

Por Decreto da Alcaldía núm. 399/2019 de data 2 de agosto aprobáronse as bases que rexen a convocatoria para a concesión dos premios no IX Trofeo “D. Manuel González Fernández”, que se transcriben de seguido:

“CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS POR CLASIFICACIÓN NO IX TROFEO “D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”

O Concello de Xermade, no marco da Lei 7/85 do 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local, ten atribuídas competencias polo artigo 25.2 m) "Actividades ou Instalacións Culturais e Deportivas: ocupación do tempo libre; Turismo", e en desenvolvemento de tales competencias, a concesión de premios por clasificación no IX Trofeo de fútbol "D. Manuel González Fernández".

A normativa aplicable será:

Bases de execución do Concello de Xermade, exercicio 2019

Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións

Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia

Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Xermade

En tal sentido considérase preciso ditar normas, así como estruturar e fixar obxectivos, polas esixencias de axustarse aos principios de igualdade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e non discriminación (art. 8.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións) na concesión de premios aos deportistas segundo a clasificación no IX Trofeo de fútbol "D. Manuel González Fernández", con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2019.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

Poderán participar os equipos con sede no municipio de Xermade que estean federados. Os xogadores deberán ter a ficha actualizada.

Quedan fora do ámbito de aplicación da presente convocatoria as solicitudes que difiran do anteriormente exposto.

Os premios por clasificación serán os seguintes:

1º clasificado: 600 euros

2º clasificado: 525 euros

3º clasificado: 475 euros

4º clasificado: 450 euros

O trofeo xogarse os días 10, 11, 17 e 18 de agosto nos campos de fútbol de Roupar, Xermade, Cabreiros e Cazás.

A Federación Galega de Fútbol rexerá o trofeo; os cambios serán os que especifica o regulamento (cinco) e en caso de empate na eliminatoria, resolverase na tanda de penaltis. En caso de dúbida, resolverá a Federación Galega de Fútbol.

Artigo 2.- Documentación para a formalización das solicitudes de premios económicos.

Os equipos que desexen participar deberán presentar:

- Impreso de solicitude (segundo modelo facilitado polo concello), asinado polo representante do equipo
- Certificado da conta bancaria na que desexen que se lles ingrese o premio

A documentación presentarase antes do 10 de agosto de 2019 no Rexistro Municipal.

Artigo 3.- Procedemento de concesión, resolución e pago.

A forma de concesión será en base á clasificación da proba elaborada pola Federación Galega de Fútbol, de maneira que se premiasen aos/ as clasificados/ as da competición consonte ao exposto no artigo 1.

Recibida a clasificación da Federación, a concelleira delegada de deportes elaborará un informe para a concesión dos premios correspondentes. O abono dos premios deportivos materializarase mediante transferencia bancaria á conta de banco que conste coa documentación entregada polo beneficiario.

O prazo máximo para a adopción de acordo por Resolución da Alcaldía-Presidencia da concesión de premios, obxecto desta convocatoria, será de trinta días desde a data de celebración.

Con carácter previo ao abono dos premios comprobarase de oficio pola Tesouraría municipal que os beneficiarios se atopan ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social.

Artigo 4.- Dotación orzamentaria.

Destínase un crédito de 2.050,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 341.489, financiados íntegramente con cargo ao Plan Único 2019, programa de actividades deportivas.

Artigo 5.- Obrigas dos beneficiarios.

Os/as beneficiarios/ as de premios do IX Trofeo de fútbol “D. Manuel González Fernández” quedarán obrigados/as ao sometemento ás actuacións de comprobación que crea convenientes o órgano interventor do Concello de Xermade.

Os custes de arbitraje serán a cargo dos equipos participantes, así como o resto dos custes de organización do evento.

Artigo 6.- Publicidade e notificación dos premios.

A concesión dos premios publicarase na páxina web do Concello de Xermade, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios . Así mesmo, darase conta á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo o artigo 45.1. B da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a publicación da Resolución no taboleiro de anuncios do concello substituirá á notificación fornecendo os súas mesmos efectos.

Artigo 7.- Réxime de infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións administrativas, estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia.

Disposición final primeira.

A presentación de solicitude de premio, implica o coñecemento e aceptación destas Bases, da Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade, e da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia, así como cantas normas sexan de aplicación a este tipo de subvencións, tanto de carácter directo como subsidiario.

Disposición final segunda.

Para o non regulado nestas bases, estarase aos disposto na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia e o seu Regulamento, na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015 , do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.”

Xermade, 05-08-2019.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2480